



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n
27211 Guntín - Lugo
Tfno. 982 870 363
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

CPI PLURILINGÜE TINO GRANDIO

CURSO 2020/2021

INDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DO DPO. DE ORIENTACIÓN**
- 3. DETECCIÓN DE NECESIDADES**
- 4. ALUMNADO NEAE**
- 5. OBXECTIVOS**
- 6. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS**
 - **RELACIÓN CO PAD**
 - **RELACIÓN CO PAT**
 - **RELACIONADOS CO POAP**
- 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**
 - **Situación Covid 19**
- 8. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**
- 9. RECURSOS**
 - **Recursos humans**
 - **Recursos Organizativos**
 - **Recursos Externos**
 - **Recursos telemáticos**
- 10. AVALIACIÓN**
- 11. ANEXOS**
 - **Anexo I: Plan de aula de PT**
 - **Anexo II: Plan de aula de A.L**
 - **Anexo III: Actividades de atención aos aspectos emocionais e sociais pola situación Covid 19.**
 - **Adaptación do protocolo Covid 19 ao alumnado con necesidades educativas especiais**

1. INTRODUCCIÓN

A orientación educativa, tal e como se recolle no Decreto 120/98 do 23 de abril, polo que se regula a Orientación educativa en Galicia e na Orde do 24 de Xullo de 1998 que desenvolve dito Decreto, enténdese como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza dende a escolarización do alumnado e continúa ao longo das ensinanzas universitarias e non universitarias.

A orientación debe enfocarse como unha actividade dentro do currículo escolar de forma que sexa unha tarefa compartida por todos os compoñentes da comunidade educativa. É importante sinalar que a actuación do Departamento responderá ao enfoque que entende a Orientación como unha tarefa de todo o Equipo Docente e, por extensión, de toda a Comunidade Educativa, sendo o Orientador/a un elemento dinamizador deste proceso. En palabras Rafael Bisquerra “orientar é educar para a vida”, compartimos o enfoque de atención psico-socio-pedagóxico consistente nun proceso de axuda continuo e sistemático, dirixido a todas as persoas, poñendo un énfase especial na prevención e no desenvolvemento integral (persoal, social e da carreira), que se realiza ao longo de toda a vida, coa implicación dos diferentes axentes educativos (Titores, Orientadores, Profesores) e sociais (familia, profesionais, etc). Concibimos a Orientación como un dereito de carácter xeralizado, continuo, preventivo, e integrador, e que, dende o respecto ás características distintivas da Comunidade Educativa, actúa dende o asesoramentoxeralizado e individualizado e dende os modelos de intervención psicopedagóxica a través do modelo de programas caracterizado basicamente por 3:

- Desenvolverse en función das necesidades do Centro e da Comunidade Educativa, e interrelacionar diferentes ámbitos de intervención.
- Os receptores son axentes activos do seu propio proceso de Orientación.
- Actúase sobre o contexto con carácter máis preventivo que terapéutico.
- Establécese ao longo dun continuo temporal
- Lévese a cabo un seguimento e avaliación do realizado

- Permite unha máis fácil relación entre currículo e orientación. Seguindo esta liña e as apartacións de autores como Álvarez Rojo (1994), Repetto, Rus e Puig (1994) e Martínez Clares, promulgando os seguintes principios:

- Principio de prevención: preparar ás persoas para a superación das diferentes crises de desenvolvemento co obxectivo é desenvolver a competencia funcional e social da persoa e o seu fortalecemento interior.

- Principio de desenvolvemento: a intervención supón un proceso mediante o que se acompaña ao individuo durante o seu desenvolvemento, coa finalidade de lograr o máximo crecemento das súas potencialidades.

- Principio de intervención social: enfócase dende unha perspectiva holística-sistémica da Orientación, segundo a cal, débense incluír en toda intervención orientadora as condicións contextuais do individuo.

- Principio de empoderamento persoal (empowerment): proceso no que as persoas, a organización e os grupos chegan ás dinámicas de poder que actúan no seu contexto vital, desenvolven as habilidades ou capacidades para tomar o control das súas propias vidas e apoian e reforzan o fortalecemento persoal dos demais compoñentes do seu grupo.

2. COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DO DPTO DE ORIENTACIÓN

Os membros que conforman o Dpto de Orientación este curso 2020/2021 son os seguintes:

<u>MEMBROS</u>	<u>ESPECIALIDADE</u>
D ^a Vanesa Sánchez Souto	Orientación Educativa (Xefatura de Dpto)
D ^a Teresa García Crecente	Mestra de Pedagogía Terapeutica (ESO)
D ^a Natalia Casal Pena	Mestra de Pedagogía terapéutica (EP)
D ^a Zaida Louzau Copa	Mestra de Audición e Linguaxe (E.Preferente)
D ^a Raquel Crespo Vila	Mestra de Audición e Linguaxe (E.P)
D ^a Olalla Otero Vázquez	Coordinadora de E.I
D ^a Carmen Begide Fernández	Titara do ámbito científico- Tecnolóxico

D ^a Ana Arias Castro	Titora do ámbito socio-lingüístico
D ^a Beatriz Gómez Felipe	Representante CEIP Lousada

Están adscritas a este departamento a Xefatura de Primaria como coordinadora da etapa de Infantil e primaria, a Xefa de estudos de Secundaria para a coordinación da atención á diversidade e Acción Titorial, e o representante do centro adscrito (CEIP de Lousada). As reunións do D.O ao completo serán de carácter trimestral (é dicir, estando presente o coordinador do centro adscrito) e serán de carácter semanal as que reúnen a todo o profesorado especialista representantes dos ámbitos e xefaturas de estudos, quedando fixada a data de reunión o mércores a 3^o hora. Aínda que seguindo o Protocolo Covid 19, faranse de xeito telemática a demanda das necesidades do centro.

A hora de atención ás familias polo Departamento é o mércores 6^o hora. A atención ao alumnado será nos recreos, e a 5^o hora os luns que concorren na mesma franxa horaria tódalas titorías da ESO.

A intervención no CEIP de Lousada será baixo demanda, procurando especialmente o establecemento de comunicacións a principio de curso par o informe das NEAE existente.

As funcións do Xefe do departamento están recollidas no Decreto 120/98 e na Orde 24 de xullo de 1998, que regulan a orientación educativa na nosa comunidade. Terase en conta para a composición, organización e as competencias do departamento de orientación son as que establece o capítulo VII do título II do Regulamento orgánico dos centros públicos integrados:(Decreto 77/1999 e a Orde do 3 de outubro de 2000). Dando cumprimento a todas elas, sinalanse neste plan de orientación as que constituirán as liñas prioritarias de traballo para o presente curso, xa que se consideran as accións máis necesarias dado o contexto educativo e sociofamiliar do noso centro : Entre as que sinalamos as seguintes:

- ✓ Valorar as necesidades educativas no ámbito da orientación.
- ✓ Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención
- ✓ Realizar e participar na avaliación psicopedagóxica.

- ✓ Apoiar e asesorar ao alumnado, favorecendo o seu proceso de maduración vocacional.
- ✓ Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa.
- ✓ Promover a cooperación entre o centro e as familias.
- ✓ Establecer canles de comunicación coas distintas institucións e servizos da comunidade.

A orientadora terá o rol de dinamizador, coordinador, consultor e formador do resto dos axentes educativos, intervindo ademais de forma directa co alumnado, naqueles casos en que resulte necesario, funcións para as que contará co apoio do E.O.E cando estime oportuno.

Así mesmo para levar a cabo as diferentes funcións teranse en conta as seguintes referencias lexislativas

- Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación (L.O.E.).
- Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (L.O.M.C.E).
- Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria.
- Real Decreto 1630/2006, de 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil. 6 - Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regula ensinanzas, acceso e admisión a ciclos de FP básica

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa; o Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a citada lei e as Orientacións para o deseño do Plan de Convivencia publicadas en abril de 2016.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade en Galicia.
- Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Circular 8/2009, que regula as medidas de atención á diversidade na ESO.
- Circular 10/2010, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos Servizos de Orientación.
- Protocolos de actuacións establecidos no marco da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020.
- Con respecto a situación producida polo COVID- 19:
 - Orde de EFP/561/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, paa o inicio e desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracións educativas adoptarán as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.
 - Real Decreto 31/2020 do 29 de setembro polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria.
 - Instrucións do 30 de xullo da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria.

Esta referencia xunto co Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso.

Implica novas funcións para o Departamento de Orientación, recollidas no punto 5 da Instrucción do 30 de xullo:

- Reforzo nas actuacións dirixidas á identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación da pandemia en coordinación coas persas titoras.
- Accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa.
- Asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa práctica educativa telemática na atención á diversidade
- Prestarase especial atención á orientación vocacional e profesional do alumnado.
- Planificarase actividades formativas e de orientación para coidar o tránsito entre etapas, ensinanzas e modalidades de escolarización axustadas aos diferentes escenarios.

3. DETECCIÓN DE NECESIDADES

- ❑ Necesidade de facer avaliación inicial e detección temperá de dificultades na lecto- escritura e fala.
- ❑ Necesidade de organización dos apoios tendo en conta o número elevado de alumnado NEAE e a distribución por burbullas seguindo o Protocolo Covid19.
- ❑ Necesidade de asesoramento sobre metodoloxía e recursos para facer fronte as distintas necesidades educativas de apoio específico que o profesorado se atopa na aula.
- ❑ Necesidade de facer seguimento da situación anímico- persoal do alumnado debido a situación Covid 19.

4. ALUMNADO ACNEAE

<input type="checkbox"/> ALUMNADO TEA CON DIAGNÓSTICO OFICIAL: 1 alumno en 3 de E.P+ 1 alumno en 4º de E.P + 2 alumnos en 3º da ESO (Asperger)
<input type="checkbox"/> ALUMNADO TEA SEN DIAGNÓSTICO OFICIAL: 1 alumno en 6º EI
<input type="checkbox"/> ALUMNADO CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL ASOCIADA A SINDROME DE DOWN: 1 alumna en 4º ESO
<input type="checkbox"/> ALUMNADO CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL: 1 alumna en 2º ESO, 1 alumna en 3º ESO
<input type="checkbox"/> ALUMNADO CON TDAH: 1 alumno en 2º E.P.+ 3 alumnos en 3º ESO+ 1 alumna en 3º ESO+ 2 alumnos en 4º ESO.
<input type="checkbox"/> ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE (DEA): 2 alumnos en 3º ESO+ 1 alumna en 3º ESO
<input type="checkbox"/> ALUMNADO CON DIFICULTADES NA COMUNICACIÓN E LINGUAXE: 5 alumnos+ 2 alumnas
<input type="checkbox"/> ALUMNADO CON DIFICULTADE XERAIS DE APRENDIZAXE QUE NECESITA R.E: 1 alumno en 2º E.P+ 1 alumna en 3º E.P+ 1 alumno en 4º E.P+ 1 alumno en 5º E.P+ 1 Alumna en 6º E.P.+ 1 alumno en 1º ESO
<input type="checkbox"/> ALUMNADO EXTRANXEIRO: 1 alumno en 1º E.P.
<input type="checkbox"/> ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES: 1 alumno en 4º de E.P

ALUMNADO PROPOSTO PARA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA NESTE CURSO 2020/2021

- Educación Infantil: 1 alumno en 6º E.I
- Educación Primaria: 4 alumnos/as
- Educación Secundaria: 4 alumnos /as
- CEIP Adscrito de Lousada: 2 alumnos

ALUMNADO PROPOSTO PARA ACS NESTE CURSO 2020/2021

- Novo: 2 alumnas en 2º ESO+ 2 alumnos en 3º ESO
- Renovación: 3 alumnos

5. OBXECTIVOS

Os obxectivos establecidos para este curso 2020/2021, e seguindo as Instrucións do 30 de xullo de 2020 e o Protocolo de Adaptación ao Contexto Covid-19, son os seguintes:

1. co centro

- ✓ Asesorar ao equipo directivo da conveniencia da divulgación a través do correo corporativo das concrecións dos protocolos educativos realizados pola xefatura do dpto. de orientación
- ✓ Asesorar aos Dptos Didácticos a través da C.C.P para que contemplan nas súas programacións o reforzo educativo tal e como ven recollido na lexislación de modo que haxa unha planificación á hora de ter confeccionado exames adaptados para o alumnado en R.E e con NEAE
- ✓ Elaborar un protocolo de derivación á aula de PT para ser aprobado en sede de CCP.
- ✓ Determinar para a C.C.P uns criterios pedagóxicos para a formación de grupos- clase, desdobres e agrupamentos que procuren grupos equilibrados e compensados no canto da atención á diversidade.

2. Co alumnado

- ✓ Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumno.
- ✓ Resaltar os aspectos orientadores da educación “ orientación en e para a vida atendendo ó contexto real do alumnado e ao futuro que poidan proxectar por sí mesmos, favorecendo a adquisición de aprendizaxes activas e funcionais.
- ✓ Participar no deseño de estratexias de intervención co alumnado Asperger e TDAH
- ✓ Mellorar o seguimento a atención individual do alumnado en situacións de risco durante o curso a través da tutoría individualizada.
- ✓ Potenciar a competencia do alumnado na resolución de conflitos.
- ✓ Atender os aspectos emocionais e sociais do alumnado tralo confinamento e cohesión co grupo- clase.

3. Co profesorado

- ✓ Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico en actividades de orientación e titoría.
- ✓ Impulsar a participación do profesorado nas diferentes actividades do P.A.T e P.OA.P
- ✓ Informar das características psicopedagógicas de alumnos con N.E.A.E e/ou dificultades de aprendizaxe.
- ✓ Asesorar nas realización das A.C.S
- ✓ Asesorar en instrumentos e procedementos para realizar a identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia e para a avaliación inicial.
- ✓ Potenciar o desenvolvemento de relación fluídas coas familias

4. Con outras institucións

- ✓ Solicitar asesoramento e colaboración aos equipos propios da consellería: Equipo de Orientación Específico, CFR, Inspección, Servizos Sociais, etc.
- ✓ Colaborar con entidades ou asociacións como: RAIOLAS, Asociación Síndrome de Down, Plan Director, Cruz Vermella, CEM, ACCEM, ACEDAR, COGAMI, ...

5. Coas familias

- ✓ Asesorar ás familias no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as
- ✓ Favorecer o establecemento de relación fluídas co profesorado no que a atención á diversidade se refire

6. PLANIFICACIÓN XERAL E LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

Liñas xerais

- ✓ Toma de contacto da orientadora co alumnado, profesorado e familia de nova incorporación á comunidade educativa.
- ✓ Detección e coñecemento das necesidades de alumnado, profesorado e familias.
- ✓ Asistencia ás sesións de avaliación para a recollida de información así como ofrecer asesoramento ao profesorado
- ✓ Valoración psicopedagóxica do alumnado remitido polo profesorado e obter datos psicopedagóxicos que orienten o proceso educativo así como o deseño de posibles MAD.
- ✓ Coordinación cos membros do D.O, Xefatura de Estudos e Titores a través das reunións establecidas no horario semanal.
- ✓ Elaboración de documentos de centro.
- ✓ Elaboración de actividades de avaliación do impacto do Covid19 no seu benestar.
- ✓ Elaboración de actividades de motivación e planificación tralo Covid 19
- ✓ Colaboración con outras entidades e profesionais externos ao centro (Servizos Sociais, Servizos de Saúde, Equipo de Orientación Específico, Asociacións sen ánimo de lucro, Quérote, Fundación Arela, Asociación Síndrome de Down, etc.

A. Planificación xeral respecto do PAD

- ✓ Elaboración de informes para incorporación a programas específicos, outros centros, Becas NEAE.
- ✓ Entrevistas coas familias e alumnado
- ✓ Asesorar na adopción de metodoloxías activas de aprendizaxe, diseño universal de aprendizaxe, tarefas multinivel, etc.
- ✓ Identificación temperá das necesidades educativas, revisión e modificación das medidas de apoio, asesorar e colaborar co profesorado nas diferentes medidas de atención á diversidade.
- ✓ Realización da avaliación psicopedagóxica

- ✓ Asesorar na elaboración das Adaptacións Curriculares Individualizadas.
- ✓ Derivación a Servizos de Saúde e Atención Temperá de alumno/a
- ✓ Coordinación e colaboración coas diferentes asociación ou organización que traballan con oso alumnado fóra do centro (Aupa, Raiolas, Centro 5 de atención Temperá, Asociación Síndrome de Down, etc.)

B. Planificación xeral respecto do PAT

- ✓ Participación nos programas e obradoiros ofertados por organismos oficiais e/ou asociación da zona (prevención de violencia de xénero, igualdade, sexualidade, emocional- afectiva, drogodependencia, enfermidades mentais, riscos de internet, acoso escolar, etc.
- ✓ Elaboración de materiais, para a mellora do autocoñecemento e autoestima, aprendizaxe das habilidades sociais e intelixencia emocional.
- ✓ Aprender a aprender: fomentar o coñecemento e utilización das técnicas de estudo
- ✓ Posta en marcha de seminarios e xornadas relacionadas coa transversalidade
- ✓ Organización da acollida ao centro tras o confinamento.

C. Planificación xeral respecto do POAP

- ✓ Preparación de materiais para levar a cabo os Programas de Orientación Académica e Profesional: Optativas, distintos itinerarios educativos, inserción ó mundo laboral...
- ✓ Elaboración de materiais para o autocoñecemento do alumnado e toma de decisións: rasgos da personalidade, intereses, aptitudes simulacros, a toma de decisións. Asesorar de forma directa ós alumnos respecto á optatividade e eleccións de estudos.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Vai ser a través do primeiro nivel da orientación, a acción titorial, a través do cal se van a desenvolver a maior parte das accións, aínda que tamén se levarán a cabo actuacións máis específicas por parte do segundo e terceiro nivel (DO e EOE), sempre baixo o prisma de cooperación e coordinación.

A estratexia de intervención seguirá unha metodoloxía activa e participativa que implique tanto á comunidade educativa como as distintas institucións da contorna.

Contemplando o escenario covid 19, a metodoloxía proposta para a docencia telemática basearase en aprendizaxe baseado en problemas e en metodoloxía de investigación- descubrimento, partindo dos niveis do alumnado.

8. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

No desenvolvemento das liñas de actuación de apoio ó Plan de Acción Titorial, apoio ó Plan de Atención a diversidade e apoio ó Plan de Orientación Académica- Profesional, o Departamento de Orientación recorrerá, según as necesidades do caso as diversas estratexias de intervención como poden ser:

Centro Educativo

- ❑ Observacións directas, emprego de escalas de valoración e reunións onde se avalie a adecuación dos documentos de centro á realidade do centro
- ❑ Intercambio de experiencias educativas e dúbidas con outros centros educativos.
- ❑ Deseño dun instrumento de revisión das actividades do curso anterior.
- ❑ Recollida de opinións e proposta de mellora de toda a comunidade educativa
- ❑ Organizacións de xornadas de portas abertas, obradoiros, charlas, etc.
- ❑ Actualización da páxina web, ou taboleiros de noticias coas novidades sobre ocio, orientación, saídas profesionais, etc.

Equipo Directivo

- ❑ Realización de reunións informativas acerca das novidades legislativas, protocolos, actividades de formación e innovación educativa.
- ❑ Traballo colaborativo

Profesorado

- ❑ Realizacións de reunións informativas, entrevistas, etc.
- ❑ Asesoramento técnico e intervención individualizada
- ❑ Deseño, aplicación de programas sobre diversas temáticas: técnicas de traballo intelectual, de comprensión lectora, habilidades sociais, de orientación académica-profesional, etc.
- ❑ Colaboración e coordinación das avaliacións do alumnado.
- ❑ Construcións de instrumentos de avaliacións funcionais.

Alumnado

- ❑ Emprego de cuestionarios, técnicas grupais, entrevistas, observacións, probas psicopedagóxicas.
- ❑ Asesoramento e intervención individualizada
- ❑ Organización de xornadas, charlas informativas, obradoiros, visitas a outros centros, empresas, etc.

Familias

- ❑ Realización de reunións informativas, Organización de Xornadas e participación en intercambios de experiencias.
- ❑ Participación na plataforma virtual do centro.

Centro adscrito

- ❑ Reunións informativas
- ❑ Reunións de avaliación e concreción de criterios
- ❑ Colaboración e cooperación nas accións prioritarias

Contexto

- ❑ Coordinación cos servizos externos: E.O.E, servizos sanitarios, sociais
- ❑ Solicitude de colaboración con outros organismos como Cruz Vermella, CIM, Centro Quérote+, entidades privadas, asociacións, etc.
- ❑ Visitas e saídas a outros centros, actos organizados por organismos, empresas, etc.

Todas estas estratexias deberán partir da base formulada polos postulados propugnados dende:

- ❑ Enfoque constructivista dos aprendizaxes escolares e da intervención pedagóxica favorecendo a interrelación, interdisciplinaridade, funcionalidade, significatividade, aprender a aprender, etc.
- ❑ Enfoque sistémico da intervención psicopedagóxica.
- ❑ Principios que guían o proceso orientador: planificación, curricularidade, cooperación, prevención, desenvolvemento global e intervención social.

9. RECURSOS

Para o desenvolvemento de dita programación, faise necesario contar cunha gran diversidade de recursos humanos, materiais e organizativos, todos eles contemplados na organización e funcionamento dun CPI regulado polo D. 7/1999 do 7 de abril polo que se regulan os centros públicos integrados e pola O. do 3 de outubro de 2000 que o desenvolve.

Destacar dentro dos recursos humanos do centro:

- ❑ Unha Auxiliar Técnico Educativo
- ❑ Dúas mestras de pedagogía terapéutica, unha para a etapa de educación primaria e outra da opoio ao alumnado de secundaria. Plan de aula de PT (Anexo I)
- ❑ Unha mestra en audición e linguaxe en atención preferente.
- ❑ Unha mestras en audición e linguaxe. Plan de aula de AL (Anexo II).

En canto os recursos organizativos do propio D.O

- ❑ Reunións semanas do Departamento de Orientación cos seus membros
- ❑ Reunións periódicas con todas as persoas titoras ben de xeito presencial ou por medio de recursos web.
- ❑ Reunións trimestrais con todos os membros do D.O para a elaboración das liñas xerais do PAT, POAP, PXAD, etc.
- ❑ Reunión dos Servizos Sociais e outras institucións da zona como son o centro de saúde, asociación, entidades, sindicatos, etc.
- ❑ Sesións de avaliación ordinaria e de avaliación inicial
- ❑ Hora de tutoría dos distintos grupos
- ❑ Hora de atención ás familias.

Recursos Externos cos que contar:

- ❑ Concello de Guntín
- ❑ CIM Palas de Rei
- ❑ Garda Civil por medio do Plan Director
- ❑ ACCEM
- ❑ ACEDAR
- ❑ COGAMI
- ❑ Quérote
- ❑ Taller de Solidaridade
- ❑ Cruz Vermella
- ❑ Asociación Alar
- ❑ Asociación Arela. Programa Ktorce 18
- ❑ Asociacións que traballen consumo e adiccións (Alcohólicos anónimos, Agaja, etc.)
- ❑ Centros de Formación Profesional Integrados, IES da comarca, Programa “ A Ponte” da USC.
- ❑ Unha científica no teu cole, programa dentro da USC.
- ❑ Forzas Armadas.

Recursos telemáticos:

- ❑ Aula virtual
- ❑ Blog do Departamento de Orientación
- ❑ Plataforma Webex.

10. AVALIACIÓN

As liñas de actuación deste Plan de Orientación, permitíranos realizar un proceso de seguimento e avaliación do mesmo ao longo do curso. Deste xeito, este plan someterase a un proceso continuo de avaliación formativa coa finalidade de:

- ❑ Valorar en qué medida se logran os obxectivos propostos
- ❑ Obter mais e mellor información sobre as características do contexto socioeducativo no que se sitúa o noso alumnado

- Mellorar os deseños de intervención orientadora e psicopedagóxica aproveitando a retroalimentación informativa para corrixir ou adoptar devanditos deseños para conseguir unha maior eficacia.

Debido a este carácter formativo da avaliación, contémpanse diversos momentos que nos posibiliten realizar unha avaliación global.

- Avaliación Inicial: a través da cal se fará unha detección de necesidades do alumnado. A partir dela xorden os obxectivos deste plan. Trala avaliación inicial de cada unha das etapas, e escoitado as necesidades e propostas do profesorado, alumnado e comunidade educativa en xeral, xorden os obxectivos deste plan.
- Avaliación Continua: trátase de valorar se se están a desenvolver as distintas actuacións do Plan, se funcionan satisfactoriamente ou se resulta necesario introducir melloras ou modificacións para conseguir os obxectivos. A súa finalidade é ir optimizando o plan a medida que se está implementando.
- Avaliación Final: que derivará na realización dunha memoria na que se recollerán os datos e valoracións mais importantes obtidas no proceso de avaliación, para o que se solicitarán as propostas e directrices da C.C.P

Con respecto á avaliación continua, as reunións de coordinación periódicas- ás que se fixo referencia no apartado de recursos organizativos serviranos para analizar como se está a desenvolver a actividade orientadora.

A avaliación analizará tanto o deseño e a planificación do plan, como a súa implantación (proceso) e os seus resultados (produto).

A continuación presentaremos os criterios de avaliación para cada unha das diversos aspectos.

- Avaliación do contexto e do proceso de elaboración do Plan: os criterios son:
 - Se recolle as demandas da contorna
 - As achegas dos distintos membros da comunidade educativa


- Se os obxectivos deste Plan son coherentes coas necesidades detectadas
- Se os programas a desenvolver son os mais adecuados para alcanzar os obxectivos
- Se a temporalización das actuacións do Plan é realista.
 - Avaliación do proceso, avaliarase:
 - Se a comunidade educativa participa no seu completo na implantación do Plan.
 - Se existe colaboración entre o D.O e o profesorado no desenvolvemento do Plan.
 - A implicación das familias nas actividades do Plan de Orientación
 - A existencia de modificacións no Plan basease na retroalimentación durante a súa implantación
 - Os puntos fortes e débiles do Plan durante a súa posta en práctica
 - A existencia de recursos persoais, materiais e organizativos axeitados.
 - A realización das actividades de orientación na práctica.
 - Na avaliación do produto, os criterios serán:
 - A consecución dos obxectivos xerais e específicos do plan
 - O grao de satisfacción dos implicados no Plan
 - O coñecemento das accións do Plan por parte da comunidade educativa.
 - A cobertura das distintas necesidades que detectamos na análise de necesidades
 - A mellora dos proceso de E/A
 - A consecución dun clima do centro positivo
 - Os resultados da avaliación final.

É preciso sinalar que na avaliación participarán todos os membros que forman parte da comunidade educativa (equipo docente, alumando, familias), utilizando

para iso tanto as técnicas de avaliación cuantitativa como cualitativas: aplicación de cuestionarios (dirixidos ao profesorado, aos alumnos/as, e ás familias), entrevistas grupais e individuais, reunións de avaliación da xunta de profesores, da C.C.P, do Consello Escolar, AMPA, observación sistemática e triangulación de datos, etc.

Tal e como sinaléi, unha vez realizada a avaliación final, será preciso confeccionar unha memoria deste plan. Nela realizarase unha síntese reflexiva dos logros acadados, as dificultades atopadas, os factores que puideron influir en ambos casos e, sobre todo, as propostas e modificacións que deberán incorporarse para mellorar de cara o vindeiro curso escolar.

No CPI Tino Grandio, de Guntín a 12 de outubro de 2020

A rectangular area containing a handwritten signature in blue ink. The signature is stylized and appears to be 'Vanesa Sánchez Souto'.

Asdo: Vanesa Sánchez Souto

Xefa do Departamento de Orientación.

ANEXOS

Anexo I: Plan de aula de PT

PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA CURSO 2020-2021

As necesidades amosadas polo alumnado, en xeral, céntranse nas áreas de lingua e de matemáticas. Aprécianse dificultades na velocidade lectora e na comprensión.

En canto na área de matemáticas as necesidades educativas céntrase nos propios alicerces da área, é dicir, na numeración, o cálculo básico e resolución de problemas.

Na actualidade reciben apoio tres alumnos de 2º de Educación Primaria: un alumno con TDAH e dous con dificultades de aprendizaxe, ademáis de proporcionar apoio o resto do grupo a nivel xeral.

OBXECTIVOS A TRABALLAR:

- Participar ao máximo do currículo ordinario, mediante unha programación de aula adaptada os seus niveis de competencia eos seus intereses.
- Favorecer a xeneralización dos aprendizaxes a contextos significativos.
- Reforzar as áreas instrumentais:
 - Priorizar a expresión e a comprensión oral.
 - Priorizar a comprensión lectora e a expresión escrita, polo seu valor funcional tanto para as actividades escolares como da vida diaria.
 - Interiorizar os conceptos básicos esenciais implicados no desenvolvemento no medio e no desenvolvemento lóxico-matemático.
- Favorecer o desenvolvemento dos procesos de atención, percepción e memoria.

- Desenvolver estratexias de control da propia conduta, así como favorecer a relaxación.

METODOLOXÍA:

Dende o principio do curso partimos dunha metodoloxía individualizada, centrada nos intereses e necesidades de cada alumno/as, respectando o seus ritmos de aprendizaxe. Todo, sempre, con apoios variados (retirándoos pouco a pouco) e insistindo todo o posible naqueles aprendizaxes básicos para favorecer a súa asimilación e a futura construción de outros novos sobre os xa adquiridos.

Guntín, a 15 de outubro de 2020

A mestra de Pedagogía Terapéutica
Natalia Casal Pena

PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPEUTICA EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

Debido a situación da pandemia Covid19, no centro o alumnado de Educación Secundaria está organizado en aulas burbulla, e en 3º E.S.O e 4º E.S.O están desdoblados. Sen puxo en marcha diversas medidas de atención a diversidade respetando as aulas burbulla.

As necesidades de apoio educativo específico son atendidas dende o reforzo ordinario por parte do profesorado, e apoio por parte da especialista dentro da aula con docencia directa con ese alumnado e asesoramento, confección de material didáctico. Os apoios concentraranse en varios alumnos/as de 2ºESO e alumnado n.e.a.e en 3º ESO.

Guntín, a 15 de outubro de 2020

Mestra de Pedagogía Terapéutica

Teresa García

Anexo II: Programación Audición e Linguaxe

2020- 2021

Durante o presente curso escolar 2020/2021 levarei a cabo a miña función como mestra de Audición e Linguaxe (AL) de xeito itinerante nos centros: **CPI Plurilingüe Tino Grandío de Guntín** e no **CEIP Plurilingüe de Lousada**.

As miñas funcións, como tal, veñen recollidas tanto no Decreto 374/1996, de 17 de outubro como na Orde do 24 de xullo e están dirixidas a dar resposta ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) contribuíndo en maior ou menor medida á consecución das competencias clave, incidindo especialmente na Competencia en Comunicación Lingüística (CCL), na Competencia Social e Cívica (CSC) e na Competencia para Aprender a Aprender (CAA). As dificultades máis comúns do alumnado nos dous centros son: Dificultades na Aprendizaxe e as Dificultades na linguaxe (disfemia) e na fala (dislalias).

Para a detección das mesmas é importante resaltar que o meu traballo comeza coa revisión, xunto a orientadora do centro, dos informes de A.L existentes no Departamento de Orientación (DO) para coñecer o cadro de necesidades presentes no centro o curso pasado. Simultaneamente a isto, iremos recollendo as distintas demandas realizadas polos titores/as e que terán unha plasmación final na xuntanza realizada para a avaliación inicial, onde se nos dará traslado formal das dificultades na comunicación e linguaxe detectadas en cada grupo-clase. Con toda esta información, procederemos a realizar unha valoración específica caso por caso para a cal empregarei a observación e probas como o Rexistro Fonolóxico Inducido (RFI) de Monfort e Juárez e a Proba da Linguaxe oral de Navarra (PLON) de Aguinaga. Do resultado das nosas avaliacións, daremos traslado á xefatura do DO, ao titor/a e ás familias para lles comunicar a necesidade de establecer un programa de apoio individualizado..

Realizarase unha avaliación continua que permite introducir os cambios precisos ao longo do proceso en función das dificultades atopadas, dos logros, da adecuación aos medios... para así garantir o éxito. Igualmente, realizarase unha avaliación final ao remate do curso indicando os resultados conseguidos e as propostas, se has houbese, de cara o curso seguinte.

Os **obxectivos** xerais da miña labor serán os seguintes:

- Poñer en marcha un protocolo de detección precoz e atención temperá das NEAE relacionadas coa comunicación e a linguaxe.
- Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica e no establecemento de medidas de reforzo.

- Diseñar e desenvolver programas de intervención específicos e individuais para o alumnado con NEAE.
- Dar apoio ao alumnado obxecto de medidas de reforzo para a consecución dos obxectivos mínimos do curso ou etapa.
- Fomentar ou reforzar a implicación e participación das familias, así como orientalas e darlles pautas.
- Elaborar e adaptar recursos materiais para as sesións de AL.

Pasada a sesión de avaliación inicial, poderán ser valorados novos alumnos/as por petición dos titores/as para a súa incorporación ás sesións de AL, así como producirse modificacións nas sesións previamente acordadas (redución ou ampliación) por avance ou retroceso nas súas dificultades.

Debido a situación que estamos a vivir este ano, provocada pola pandemia vírica COVID-19 as nosas sesións serán, maioritariamente e sempre que a necesidade o permita, realizadas dentro das aulas.

O centro encóntrase estruturado por aulas burbulla. Na medida do posible as miñas funcións se levarán a cabo na primeira burbulla que corresponde as tres aulas de educación infantil, o primeiro e o segundo nivel de educación primaria. O alumnado que recibirá da miña atención como mestra de AL en sesións individuais despois de recoller as demandas do equipo docente recibido en sesións da xunta de avaliación Inicial realizada o Día 8 de outubro e realizadas as valoracións pertinentes:

- Concretaranse intervencións de estimulación da linguaxe oral (P.E.L.O) nos tres cursos de Educación Infantil, así como dentro da aula de 6º E.I apoio a alumnado con diversas necesidades.
- En canto a Intervención Individualizada co alumnado de primeiro nivel de primaria por presentar: Alteracións de fala, alteracións da linguaxe e necesidades da adquisición da linguaxe castelá e galega.

En canto ás **estratexias metodolóxicas**, a resposta educativa será axustada ao alumnado, partindo dos seus coñecementos previos o que fomentará un aprendizaxe significativo.

Seguirei os principios de individualización, segundo a cal adaptareime aos diferentes ritmos do alumnado, premiando os seus éxitos e reforzando a súas

limitacións; así como tamén o principio de socialización que favorecerá a implicación de todo o alumnado nas clases ordinarias.

Será importante ter en conta que a miña intervención como mestra de AL estará en continuo cambio, xa que é moi posible que día a día aparezan novidades ás que terémos que adaptar e aproveitaremos nas nosas sesións. As actividades serán variadas promovendo que sexan atractivas, eficaces, lúdicas e motivadoras, favorecendo unha mellora na súa autoestima e potenciando a súa autonomía. Non deberán ser demasiado longas, pois resultarían duras, complexas e provocarían cansazo no alumnado, o que provocaría unha diminución no seu nivel de atención.

Outro aspecto fundamental son as familias, coas cales mantereirei unha relación fluída, ben de xeito presencial no centro, como tamén por e-mail ou chamada telefónica. Do mesmo xeito salientar que habitualmente expoñeranse na web do centro as actividades levadas a cabo. Será especialmente importante a colaboración, participación e implicación das mesmas nas actividades propostas

Destacar que, tamén teremos en conta a **coordinación interprofesional**, pois buscarei información periódica doutros compañeiros/as sobre o alumnado da súa aula ordinaria, así como tamén información das actividades levadas a cabo con eles, sen esquecermos da abordaxe interdisciplinar, segundo a cal compartiremos obxectivos con outros profesionais.

Para a consecución dos obxectivos propostos, precisarei de recursos, distinguindo entre: recursos organizativos, recursos materiais e recursos persoais. Con respecto aos **recursos organizativos** temos que sinalar que a planificación inmediata do centro necesita dunha serie de aspectos que incidan na súa correcta organización a nivel escolar. En primeiro lugar estarían os documentos de centro. Os tidos en conta á hora de confeccionar esta programación, foron o P.E. e o PXAD. A este efecto, na concreción anual do PXAD -realizada pola xefatura do DO- e incardinada dentro da PXA, están expresadas as necesidades detectadas no ámbito da AL. Tamén poderemos incluír dentro dos recursos organizativos o horario do profesorado, as reunións, os espazos físicos en cuestión de accesibilidade e o mobiliario, dependendo do tipo de alumnado e as dificultades que presente. En segundo lugar, encontrámonos cos recursos materiais. Estes, deben cumprir unha triple

función, como indica Gimeno Sacristán, para ser seleccionados para o proceso de ensinanza-aprendizaxe: función motivadora despertando o interese do alumnado, función de apoio á presentación de contidos e función estruturadora para guiar os procesos metodolóxicos.

Dentro deste grupo temos que facer referencia aos **recursos materiais** xenerais do centro, sinalando que todo o material que se atope dentro das instalacións do mesmo será susceptible de emprego na intervención do alumnado con NEAE. De forma máis concreta, a aula de AL tamén conta con material específico para a atención ao alumnado que acode á mesma. Dentro destes debemos destacar tanto os materiais para a avaliación como para a intervención. Para avaliar, destacan, por exemplo, e como xa dixen anteriormente, o RXI, o PLON, o PAF e, para a intervención, algúns dos recursos serán:

- Material de discriminación auditiva: lotos sonoros, instrumentos musicais...
- Material para la reeducación fonética:
- Recursos materiais para o desenvolvemento léxico semántico: vocabulario en imaxes, lotos de diferenzas,..., dicionarios e libros de imaxes...
- Recursos materiais para o desenvolvemento morfosintáctico: "El tren de las palabras", cómics para falar, barallas por centros de interés, "Enséñame a hablar", etc.
- Recursos materiais para o desenvolvemento pragmático: marionetas, secuencias temporais, láminas...

A parte de todo o material citado é importante resaltar tamén as TIC contempladas no artigo 111 bis da LOMCE como un potente recurso de atención á diversidade.

Por último, con respecto aos **recursos persoais**, distinguiremos entre recursos persoais internos e recursos persoais externos. Nos recursos persoais internos estaría o profesorado titor e o profesorado de apoio (PT e AL). Tamén deberemos ter en conta o Departamento de Orientación (DO), que será o que guíe todas as nosas accións docentes. En canto os recursos persoais externos destacar o Equipo de Orientación Específico (EOE) ao que acudiremos en caso

de necesitalo e o Centro de Formación e Recursos (CFR) que proporcionará a formación necesaria para o profesorado.

En canto á **temporalización**, destacar que o alumnado ten designadas un número de sesións, dita temporalización no é fixa, senón que poderá cambiar ao longo de todo o curso en función das necesidades individuais. En canto o apoio en aula realizarase do mesmo xeito dependendo das necesidades poderá ser modificado.

Guntín, 15 de Outubro de 2020

Raquel Crespo Vilas

Mestra Audición e Linguaxe

Programación
Audición
e Linguaxe.
Mestra de
Atención Preferente
do alumno:I.S.P

CURSO

2020 – 2021

PLAN DE INTERVENCIÓN DO ALUMNO I.S.P

XUSTIFICACIÓN

Este programa elaborase ante a necesidade de recoller e determinar as liñas de traballo, obxectivos, metodoloxía, medidas organizativas e temporalización para a intervención educativa cun alumno do centro que presenta T.E.A

Iago é un neno de 8 anos, escolarizado actualmente en terceiro curso de primaria, según lle corresponde por idade cronolóxica. Foi matriculado neste colexio á idade de 3 anos en Educación Infantil. Dende entón recibiu apoio por parte dos especialistas de A.L e P.T que foron pasando polo colexio.

Non flexibilizou EI porque se considerou fundamental a integración no seu grupo de referencia no cal permanece dende o inicio da súa escolarización.

Recibe apoio terapéutico, psicolóxico e logopédico por parte da asociación Raiolas de Lugo.

No centro contamos con ATE, que leva con él dende que comezou a etapa escolar, ademais da súa titora e os demais especialistas.

O curso 2019-2020 creouse unha praza de atención preferente para dar resposta ás necesidades de Iago, e eu como especialista en Audición e Linguaxe organizaré e intervirei na súa atención educativa.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNO

Despois de observar a Iago durante un mes resaltarei algunhas das características máis significativas que van determinar os obxectivos deste programa de intervención.

Non presenta linguaxe oral, aínda que si ten intención comunicativa. Emite sons en contextos moi delimitados, cando está contento, nervioso ou especialmente enfadado.

Conta cun comunicador co sistema PECS. Cando ten a necesidade de pedir algo (pan, auga, pelota, matamoscas...) busca o pictograma correspondente e dállo ao adulto que teña cerca ou dirixe ao adulto cara onde él quere.

- Comprende ordes sinxelas: ven, recolle, tira o papel na papeleira, levántate, séntate, imos ao baño, imos comer...
- No ten control de esfínteres
- É capaz de comer só
- Mete os dedíños na boca e succiona. Tamén mete na boca plastilina, xiz, pinturas, témperas, follas...
- Está integrado no seu grupo de referencia aínda que a interacción con eles é limitada
- Ten un carácter agarimoso e alegre.
- Demanda apertas, palmas, busca o colo, gústalle as cóxegas e as masaxes...é receptivo ao contacto físico, moitas veces vai da man.
- Acepta favorablemente os cambios de mestre, actividade ou espazo incluso sen anticipación.
- Mostra a súa preferencia por actividades que lle gustan do mesmo xeito que o rexeita as que non lle gustan. Cando esto ocorre acaba facendo a tarefa pero moi bruscamente.

NECESIDADES XERAIS

- Comunicación oral e comunicación a través do sistema PECS
- Organización de tempos e espazos
- Autonomía
- Integración e interacción social
- Estimulación sensorial

MEDIDAS DO PLAN DE INTERVENCIÓN

Iago non ten ACI polo que, unha vez consultada a súa situación á Inspección Educativa decidiuse elaborar un Plan de Intervención no que se recollan as necesidades do alumno e as liñas de traballo a seguir para garantir un proceso de aprendizaxe o máis funcional, positivo e normalizador posible.

Para completar a valoración das necesidades de Iago, solicitouse unha actualización do informe realizado na etapa de EI por parte do EOE.

Actualmente Iago ten atención preferente.

NA AULA ORDINARIA

Os obxectivos que queremos acadar e algunhas actividades son:

-Favorecer a autonomía, fomentando o emprego do sistema PECS e motivando ao neno a realizar determinadas tarefas por él mesmo como abrir e pechar a mochila, colgar a súa chaqueta, sentarse na súa cadeira, pedir o que necesite a través dos pictos...

-Interacción co grupo clase,favorecendo actividades coa titora e sempre tendo en conta os seus intereses e habilidades. Para isto plantexamos as seguintes actividades:

-Participar das actividades do grupo, para isto todos os días na asamblea coa axuda do compañeiro ou compañeira encargada. Poñer o selo no recadro correspondente, poñer a tarxeta do clima, escoller unha tarxeta coa actividade conxunta a realizar.

Os luns en concreto,lago traerá da casa no seu **caderno-correo** algunhas imaxes (fotografías) do que fixo a fin de semana coa súa familia. Coa miña axuda (ou da titora) ensinaralles aos compañeiros/as as fotografías. Deste xeito favoreceremos que lago poda “contar” as súas vivencias e experiencias e que interactue coseu grupo de referencia.

-Compartir tempo de merenda e de lecer. Todos os días os alumnos/as comen unha peza de froita antes de baixarao recreo. Neste ratiño lago estará tamén na aula de referencia comendo cos seus compañeiros/os. Así mesmo a última hora da mañá teñen un anaco de xogo despois de rematar as actividades, así que favoreceréi a integración de lago no **xogo** na súa aula.

- Planear actividades que poda facer adaptadas ás especialidades

-Participar cos outros alumnos/as en bailes, xogos, actuacións grupais, festivais, saídas...

NA AULA DE A.L

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN.

Obxectivos e actividades

-Articular ou emitir sons con intencionalidade comunicativa. Estimulación linguaxe oral. Intentaremos a articulación a través de contos, cancións, sons, ritmos...praxiasverbais, sopro, respiración. Tendo en conta que non ten ningún tipo de ecolalia e que non é capaz de imitar. Polo que empregaremos a contra-imitación, é dicir, imitar os seus sons e xestos e ir engadindo outros mínimos posteriormente, participando nas súas actividades de carácter estereotipado respectando o seu ritmo e intereses. Así, se por exemplo está botando unha pelota, poñereime ao seu carón e botarei eu outra, así sabe que estou interesada en interactuar con él...se mentres bota emite algún son ou balbuceo, repetireino durante un ratiño, así é probable que me observe e atenda e introduciréi unha acción nova e outro son que lle poda gustar para darlle a oportunidade de imitar.

-Empregar o comunicador en distintas situación con intencionalidade comunicativa. Asociar os pictogramas coa necesidade de expresarse. Desenvolvemento da comunicación a través do sistema PECS. Recoñecemento e utilización de pictogramas cotiás: auga, baño, comer, lavar as mans, patio, mata moscas, pan, pelota...unha vez que os empregue iremos aumentando pouco a pouco os pictogramas (calor, saír, doer, fame, casa...)

-Aumentar os tempos de atención. Para isto partiremos dos seus intereses, neste caso a música chámalle moito a atención polo que é capaz de escoitar e mirar contos e cancións. Comezarei presentándolle unha canción curtiña e visualmente atractiva para él, para ir aumentando a dúas, tres, catro...

Por outra banda tamén lle gusta moito a pelota e as palmas, cando se distrae unha forma de chamar a súa atención é botar a pelota ou aplaudir. Favorecerei o **contacto visual**, movendo as palmas á altura dos meus ollos para buscar a súa mirada.

-Traballar a espera. É importante que entenda o tempo de espera, coa axuda de apoios visuais e auditivos simultaneamente, para isto podemos empregar un temporizador, un reloxo de area-xel, unha alarma ou algunha aplicación como o Cronodroidou o Tempus.

BLOQUE 2. ESTIMULACIÓN SENSORIAL

Obxectivos:

- Mellorar a capacidade de percepción dos estímulos que lle rodean.**
- Discriminar diferentes estímulos sensoriais**
- Relaxar o corpo e autoregularse**
- Discriminar cores, formas, luces**
- Localizar de onde procede un son**
- Diferenciar texturas, temperaturas, pesos...**
- Discriminar olores (agradable,desagradable)**

Contamos con material específico que se lle pediu este curso: mesa de luz, bandexa de area, barita de luz, texturas, botes de olores, pelotas con luz, proxector para o teito, piano xigante para o chan...

Gústalle as cóxegas, masaxes, descalzarse, tocar, ulir...e na colchoneta podemos facer actividades deste tipo.

BLOQUE 3. MOTRICIDADE

Obxectivos:

- Desenvolver e mellorar destrezas de motricidade fina.**

Axudareime da bandexa de area para traballar o trazo. Tamén temos xiz adaptados, pinceis, punzóns...

Tamén enroscamos e desenroscamos tapóns, gomas do pelo, lá...

Traballo por modelado collendo a súa man e pouco a pouco vou deixando que o faga él só.

-Recoñecer e situar partes do seu corpo.

-Coordinar movementos óculo manuais

BLOQUE 4. HABILIDADES COGNITIVAS

OBXECTIVOS

-Traballar contidos adaptados ao seu nivel con material teacch.Cores, números ata o 5, quebracabezas, bloques lóxicos, tamaños (grande, mediano, pequeno)

-Comezar a traballar as emocións. Servireime dun programa específico para este obxectivo

ORGANIZACIÓN TEMPOS E ESPAZOS

A través do seu horario e axenda diaria. Cada día ao chegar a aula de A.L poñeremos no panel a axenda do día e o seu horario con pictogramas. Así lago anticipará con quen vai a estar en cada momento, favorecendo así a redución da ansiedade.

Tamén dentro da aula irei anticipándolle cada tarefa que fagamos a través de imaxes.

Organicei a aula de AL en 3 recunchos:

- Mesa teacch, na que traballamos con material manipulable diferentes contidos adaptados a él, cores, números ata o tres, series, puzzles...e tamén motricidade con insertables, tapóns para enroscar e desenroscar, pompóns, plastilina...grafomotricidade con rotuladores, pinceis, ceras...texturas con esponxa, lana, papeis, garavanzos, arroz, boliñas de poliespan, area para modelar.

-Mesa linguaxe , na que traballamos a estimulación oral, intentamos facer praxias, respiración, sopro... traballamos as letras do seu nome, escoitamos

cancións e contos no ordenador, traballamos vocabulario en imaxes e traballamos a función de petición.

-Espazo de relaxación. Entre tarefa e tarefa Iago necesita relaxarse e regularse. Para isto contamos cun espazo con pelota de pilates, pelotas de distintos tamaños, colchonetas, chan acolchado...cando está nervioso ou cansado é capaz de autoregularse.

Este espazo tamén nos serve para traballar a estimulación sensorial

Todas as actividades están relacionadas co proxecto interdisciplinar do centro e coas diferentes festividades como o Samaín, Magosto, Nadal, día da Paz, letras Galegas etc...favorecendo a súa participación na medida do posible.

Iago recibe 9 horas individuais de A.L na aula específica. Apoio pola miña parte na aula ordinaria co seu grupo e titora 4 horas. Acude ás especialidades e á aula ordinaria 12 horas.

TEMPORALIZACIÓN

A posta en marcha do programa terá lugar ao longo do curso 2020-2021 nel participamos a titora, AL preferente, especialistas, ATE e tamén implicará a toda a comunidade educativa.

A secuenciación das actividades será sempre a mesma para establecer unha rutina na que Iago se poda sentir seguro.

Consideramos fundamental o establecemento dun vínculo afectivo co profesorado que está implicado na súa educación e será unha das nosas prioridades.

Cada un dos bloques de traballo establecidos serán aplicados ao longo de todo o curso escolar. Os avances agárdanse a longo prazo.

Todas as destrezas adquiridas serán reforzadas mentres se trabállana consecución das novas. Todas as actividades propostas irán acompañadas de axudas visuais para a comprensión das mesmas por parte do alumno.

Seguimento: realizaremos o seguimento durante todo o plan establecendo reunións de coordinación que sexan necesarias.

METODOLOXÍA

Seguiremos unha liña metodolóxica común, ademais da xa explicada ao longo do desenvolvemento do Plan, basearase en:

- Presentación da información de xeito estruturado e simple
- Anticipación
- Motivación
- Estratexias de atención conxunta
- Aprendizaxe sen erro
- Emprego do comunicador

RECURSOS

Persoais internos:toda a comunidade educativa destacando a profesora titora, especialista AL preferente, xefa DO, equipo directivo.

Persoais externos: Familia, EOE e Asociación Raiolas.

Materiais: os que fun nomeando especificamente ao longo do desenvolvemento do presente Plan

Organizativos: establecemento dos apoios e horario, adecuación dos espazos.

AVALIACIÓN

A avaliación trimestral do alumno será por medio dun informe de avaliación. A Avaliación do Plan, levarase a cabo no mes de xuño do 2020 e avaliaremos cada apartado,os logros, as causas e factores que incidiron nos resultados e se é preciso estableceranse propostas de mellora.

Algúns criterios de avaliación do alumno son:

- Grao de interacción ante os estímulos presentados
- Grao de consecución dos obxectivos

En canto ao plan:

-Grao de adecuación dos contidos, obxectivos, criterios de avaliación, recursos e organización de tempo e espazos.

-Grao de implicación da familia

-Grao de implicación da comunidade educativa

-Adecuación das actividades ao alumno

-Secuenciación adecuada de actividades.

-Grao de implicación e colaboración de Raiolas.

Para isto empregaremos instrumentos que nos permitan obter información. Ademais da observación sistemática, informes e rexistros, entrevistas coa familia...

ADAPTACIÓN AO CURSO 2020/2021

Debido ás circunstancias derivadas da pandemia e o confinamento en marzo 2020, seguimos a traballar sobre o mesmo Plan a nivel de obxectivos, actividades, metodoloxía, avaliación pero con adaptacións organizativas.

Iago permanece máis tempo na aula ordinaria, sentado na súa mesa con traballo (previamente feito na aula A.L), coas mesmas medidas sanitarias que o resto dos compañeiros (distancia, lavado mans) salvo o uso da máscara (non ten obriga por ser unha persoa TEA).

Sae unha hora ao día á aula específica de A.L (5,6 sesións semanais) para traballar aspectos relacionados coa estimulación, comunicación e relaxación. O meu traballo con el é individualizado, axustado ás súas necesidades educativas e está especificado no Plan.

O resto das horas permanece na súa aula, coseu grupo 3º de E.P, e no recreo comparte espazo coa súa burbulla á que se suman os alumnos e alumnas de cuarto de primaria.

Ademais de seguir as normas nos espazos comúns coa axuda de indicadores visuais e a ATE que o acompaña nos cambios e no comedor.

O obxectivo principal para este curso é a inclusión na aula ordinaria e a mellora da comunicación.

Debido a que estivo tanto tempo na casa houbo moitos aspectos do plan que quedaron sen traballar, non esquezamos a importancia dos contextos reais para estes nenos, non podemos traballar “a distancia”, teñen que ser situación reais e contextos moi delimitados. Agora que comezaron as clases presenciais podemos retomar o traballo con lago no centro.

Guntín, a 15 de outubro de 2020

Zaida M.Louzao Copa.

Mestra especialista A.L

Anexo III:

**Actividades de atención
aos aspectos
emocionais e sociais
pola situación Covid 19.**

ACTIVIDADES INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA

Sesión 1	Recoñecer a emoción do medo
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">- Reflexionar sobre a emoción do medo-Recoñecer os estímulos que poden ser temidos- Participar na choiva de ideas e na definición da emoción- Manter un clima respetuoso e empático
Estrutura da actividades	<p>Iniciase a sesión coa narración do conto “ JUAN SIN MIEDO” de Perrault, Ch. Esta narración será oral, co visionado das ilustracións do libro e non se interrompirá ata o final.</p> <p>Unha vez rematada a narración o mestre fará as preguntas ós alumnos/as:</p> <p>Primeiro para ver se entenderon o conto: ¿Qué lle pasaba a Juan? ¿Finalmente tivo medo?</p> <p>Para saber si se recoñecen los estímulos que poder ser temidos ¿A que non tiña medo Juan?</p> <p>Para reflexionar sobre o medo ¿Que é o medo? Vos tedes o tivéstedes medos algunha vez? A que? Escríbese no taboleiro unha choiva de ideas coas aportacións do alumnado.</p> <p>Podemos engadir os síntomas biolóxicos e conductuais que se producen no noso corpo cando sentimos medo:</p> <p>En canto ós síntomas biolóxicos: Cando temos medo que lles pasa as nosas pernas? ¿ Cómo vai o noso corazón? Cál é a nosa cara? as máns sudan?</p> <p>En canto ós síntomas comportamentais: se tedes medo cómo vos comportades? Gritades ou enmudecedes? Corredes? Defendédesvos?</p> <p>Para rematar redáctase unha definición de medo a partir das diferentes definicións.</p>

Sesión 2	Diferenciar os medos
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">- Diferenciar entre os medos racionais e medos irracionais.Razonar os medos irracionais.- Participar no debate
Estructura das actividades	<p>1.Facer unha reflexión na clase e que sirva de eslogan e frase visible “ter medo no é malo”. Hai medos que nos protexen e poñen a salvo ante situación de perigo e outros polo contrario, vulneran á persoa.</p> <p>2.O alumnado deberá diferenciar entre medos racionais e medos irracionais. Para adaptar a linguaxe a idade dos nenos aos medos irracionais.</p> <p>Unha vez diferenciados os medos se intentarán razoar los medos irracionais xa que a través do razoamento e a aprendizaxe o alumno pode cambiar a súa perspectiva ante isto.</p> <p>Se empeza recordando a definición da emoción de medo da sesión anterior, concretando que hai medos “bos” e os medos irracionais se lles chamará “malos” xa que fai reaccionar as persas dun xeito ilóxico. O titor/a poñerá un exemplo no taboleiro para un maior entendemento</p>

	<p>- Medo a auga: ¿é bo ter medo a auga? ¿por qué? ¿ a auga fainos dano?</p> <p>- Medo a andar no medio da rúa: Pode ter consecuencias malas cando os coches están circulando?</p> <p>Despois destes exemplos, comentaránse os seguintes:</p> <p>- Unha bruxa : medo malo (porque as bruxas non existen)</p> <p>- Pan da cor verde: medo bo (tiralo ao lixo e non comelo, porque podería facernos dano)</p> <p>- Unha habitación a escuras- Medo malo (porque non hai ningún perigo)</p> <p>- Non poñerse o cinturón de seguridade no coche- medo bon (por seguridade)</p> <p>- Ir ó colexio : medo malo (non hai perigo)</p> <p>- Saudar ós rapaces e rapazas maiores: medo malo (non hai perigo)</p> <p>3. Para terminar o titor/titora prantexará unha situación. Ao finalizar a exposición abrirase un coloquio para ver cómo solucionarían o problema prantexado. O Titor/titora debe recoller e potenciar as respostas que induzan o afrontamento do estímulo tendo en conta a situación:</p> <p>“ un rapaz ten medo a auga, di que non sabe nadar. Non quere ir a ningún curso par aprender a nadar porque di que deberá meterse dentro da piscina e tampouco quere nin bañarse nin ducharse, cree que vai afogar, só quere auga para bébela”</p> <p>¿Qué deber facer este pequeno? ¿é verdade, que se se ducha pode afogar?</p>
--	---

ACTIVIDADES SECUNDARIA

Actividade 1	A miña línea de la historia del COVID- 19
Obxectivos	<p>Detectar o nivel de impacto da crise do COVID 19 no alumnado</p> <p>Axudar o alumnado a poder compartir a súa experiencia e expresar as súas emocións para que poda resultar útil que a persoa adulta empece compartindo a súa propia experiencia</p> <p>Validar as experiencias de cada uno/unha , focalizándose nas fortalezas e recursos positivos.</p>
Estrutura da actividade	<p>1.En primer lugar entrégaselle ó alumnado unha folla, a cal poñerá en posición horizontal. Pídeselles que debuxen unha liña no centro do folio que vaia dun extremo a outro da folla.</p> <p>A continuación dáselle a seguinte indicación:</p> <p>O extremo esquerdo desa liña é cando empezou a historia do COVID-19, E O extremo dereito é o día de hoxe, agora, aquí neste espazo (aula, patio,...). O obxectivo dese exercicio é que vaiades situando sobre esa liña todas as escenas máis significativas para vos, o mais importante, bo e malo, o que tivo mais peso para cada un de vós.</p> <p>2.Unha vez finalicen de debuxar ou marcar na folla os eventos,</p>

	<p>fotos, noticias, días,... comentarán un por un o vivido, e cando fagan o relato na súa Liña da historia do COVID”, para compartir e dar resposta as preguntas. O profesor/profesora guiará a dinámica coas preguntas abertas:</p> <p>¿Cómo viviches todo este proceso/ tempo?</p> <p>¿Qué foi o peor?</p> <p>¿Qué foi o mellor?</p> <p>Ó longo dese tempo mudaches o teu nivel de angustia, incertidume, medo, curiosidade,...</p> <p>Anotar as cousas/pensamentos bos/ ou vivencias positivas e as malas no taboleiro</p>
--	---

Actividade 2	Recoñecendo os medos
Obxectivos	
Estrutura da actividade	<p>1. Que é un medo?</p> <p>O medo es una emoción desagradable, pero moi saudable, necesaria y adaptativa. Sen embargo, o medo intenso y extremo leva a un bloqueo emocional que o que fai, en moitas ocasións, é paralizarnos. A consecuencia é que nos anula a capacidade de reanimar ou de buscar solucións ou alternativas que nos axuden a estar mellor.</p> <p>2. Identificar medos bos y medos malos</p> <p>3. Búsqueda de solucións</p> <p>- ¿sobre que cousas podo facer algo? (lavado de mans, distancia, evitar determinados sitios, protexer ós maiores... non ir a determinados sitios no meu pobo...</p> <p>-¿Cosas sobre as que non podo facer nada? (o contaxio no mundo..., en outras cidades...</p> <p>- ¿qué cousas podo facer para sentirme mellor (ler libros ou comics, ou ver pelis...)</p> <p>En cuanto a sobre información: ¿dónde buscar datos fiables? Qué fontes son fiables? ¿Cánto ledes ou vedes sobre o coronavirus? ¿Podemos reducir esa exposición? – Facer listado de películas ou series ou libros que nos gustaría ver ou ler</p>

Actividade 3	Exercicio de redución de la carga emocional
Obxectivos	Reducir la carga emocional
Estrutura da actividade	<p>Paso 1: Con os ollos abertos, ou parcialmente cerrados, pasa unha película mental de toda a tu experiencia co coronavirus dende a primeira noticia que tiveches sobre o tema ata hoxe (repassando a liña anteriormente traballada, ou incluso podes ir un pouco máis alá, se hai algo que che preocupa do futuro</p> <p>Paso 2: Observa e escanea o teu corpo detidamente... agora mide o nivel de activación (emocións e sensacións corporais desagradables ou molestas) de 0 a 10: 0 é ningún malestar e 10 é o máximo malestar que podas sentir</p>

	<p>Paso 3: “Fai o abrazo da bolboreta mentres camiñas, ou se queres estar sentado, simula que estás camiñando cos teus pes no chan ao teu ritmo.. 10-12 toques e unha respiración profunda, de novo collemos aire e facemos outra tandada de 10-12 toques e unha última respiración profunda. Que tal vos sentides agora, esa activación rebaixouse?. Vámolo a volver facer</p> <p>Paso 4: Agora vamos a facer o mesmo, pero esta vez pensando no recurso ou apoio ou actividade que mais nos axudase neste tempo. Para iso vamos a cerrar os ollos. Notade a emoción que xurde ao pensar neste recurso e conectade coa sensación corporal que vos produce. Mentres pensamos nel cos ollos pechados, nos damos o abrazo da bolboreta, varios golpes e respiración profunda (3 inspiracións coa boca pechada, e expiramos polo nariz coa boca pechada).</p> <p>Paso 5: Comentar isos recursos/actividades/exercicios/ que nos facían sentir ben cos compañeiros/as.</p>
--	--

Questionario: Análise do impacto do COVID19 no meu benestar

	nunca	Algunha vez	A miudo	sempre
1. Teño recordos cando estou a pensar ou facer outras cousas, e de angustia sobre o ocorrido				
2. Eu tamén teño pesadelos				
3. Sinto angustia ante as cousas que recordan ós feitos				
4. Evito pensar ou falar sobre o sucedido				
5. Teño pensamentos negativos sobre min mesmo ou outras persoas ou o mundo en xeral				
6. Eu tampouco teño esperanzas no futuro				
7. Teño perda de memoria, ata os aspectos importantes dos feitos				
8. Dificultades para volver a querer quedar coas miñas amizades por medo				
9. Falta de interese en actividades que antes me gustaban.				

10. Eu tamén teño dificultade para sentir emocións positivas				
11. Asústome facilmente				
12. Estou sempre en alerta/a defensiva				
13. Eu tampouco durmo ben				
14. Teño dificultades para concentrarme, xa que estou a pensar na situación que vivin				
15. Eu tamén estou de mal humor				
16. Sinto culpa e vergoña.				

ANEXO IV

**Adaptación do
protocolo Covid 19 ao
alumnado con
necesidades educativas
especiais**

LA VUELTA AL COLE



EL DÍA  DE SEPTIEMBRE



EMPIEZA EL COLEGIO.



EN EL COLE ESTARÉ CON MI MAESTRX



Y VERÉ A ALGUNOS COMPAÑEROS EN CLASE.



EN EL COLE HABRÁ MEDIDAS DE SEGURIDAD POR EL CORONAVIRUS:



LLEVAR PUESTA LA MASCARILLA



NO TOCAR PARA SALUDAR



MANTENER DISTANCIA DE SEGURIDAD



LAVAR LAS MANOS



EN EL COLE HABRÁ MEDIDAS DE SEGURIDAD POR EL CORONAVIRUS:



TOMAR LA TEMPERATURA



USAR GEL HIDROALCOHÓLICO



NO TOCARMELA CARA



TOSE Y ESTORNUDAR EN EL CODO

